

Ramón Neto nace na Illa de Arousa no 1975. Licenciase en Filoloxía Inglesa pola USC, cun último ano de estudos na universidade francófona de Bruxelas (ULB). Desde o 1998 reside nesta cidade exercendo a docencia.

O seu primeiro libro, *A estación única dunha illa*, recibe o XXII Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé no 2009, sendo publicado por Espiral Maior no ano seguinte. Progresivamente vai descubrindo a literatura de expresión neerlandesa e realiza traducións de autores flamengos. No 2012, tras a consecución do XVI Premio de Poesía Miguel González Garcés, o poemario *As lavandas adaptaciónse a todo erro de navegación* sae editado pola Deputación da Coruña.

Coa obra *Dominio Público* acada o VIII Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas (2013).